

CASTELAO

# DISCURSO



Edicions ANXEL CASAL

I

MOCEDADES GALEGAS

ROSARIO ● BUENOS AIRES ● MONTEVIDEO

# CANTADE

---

o

---

## HINO GALEGO



Que din os rumorosos  
Na costa verdecente,  
O raio transparente,  
Do prácido luar...?  
Que din as altas copas  
D'escuro arume arpado,  
Co seu ben compasado,  
Monótono fungar...?

—Do teu verdor cinguido  
E de benígnos astros,  
Confin dos verdes castros,  
E valeroso chán,  
Non dés a esquecemento,  
Da inxuria o rudo encono;  
Desperta do teu sono,  
Fogar de Breogán.

Os bós e xenerosos,  
A nosa voz entenden  
E con arroubo atenden  
O noso rouco son;  
Mais, só os ignorantes.  
E féridos e duros,  
Imbéciles e escuros,  
No-nos entenden, non.

Os tempos son chegados,  
Dos bardos das edades,  
Qu'as vosas vaguedades,  
Cumprido fin terán;  
Pois donde quer xigante,  
A nosa voz pregóa,  
A rendenzón da bóa  
Nazón de Breogán.

# D U A S V E R B A S

---

---

Con iste gran discurso de Castelao —verdadeiro tratado de galeguismo—, as MOCEDADES GALEGAS pretenden iniciar, co-axuda da coleitividade, unha laboura de ampla difusión dos ideaes reivindicadores da persoalidade i-a cultura do noso pobo.

Pensamos que é mester ir creando nas nosas xentes unha concencia galega. Os galegos debemos comprender de unha vez, que todas as nosas desditas coleitivas teñen orixe n-isa falla de concencia galega que achamos a través da nosa historia moderna. Un pobo que non ten un conceuto cabal da súa personalidade, será sempre un pobo sometido i-aldraxado. Por iso chegamos a creer que é un caso de orgulo individual e tamén coleitivo, o pretender o erguemento cívico e cultural do noso País. Iste anxeo lóxico está baseado na eternidade da Galiza. ¿Acaso non temos un modo de ser peculiar, un idioma, un arte...?

Non foi posible, dend-ó século XV, aniquilar o espírito, a esencia do pobo galego apesar dos tristes períodos de decadencia que facían pensar nun eclipse total. Y-é así, que no século pasado, ao impulso do romantismo, parirá as outas figuras precursoras do galeguismo; os paladins inesquecibles dos dereitos históricos de Galiza.

Xa non están soios. Unha pleiade de homes ilustres, imbuídos dos nobres ideaes dos precursores, habían irrumpido pol-os catro costados de Galiza, cheos de ánsias redentoras, cando apareceu o cuartelazo tradizoal da Hespaña negra que voltou a sumir aos pobos ibéricos no despotismo mais criminoso de que se ten noticia. Co grito solene de ¡viva Galiza ceibe! a flor de beizos, foron asemiñados pol-a Falanxe na plenitude da súa vida, esgrevios representantes da nosa cultura, da nosa cidadanía.

Mortos están físicamente, pero xa nunca mais os esqueceremos. Son eles os que manterán incólumes en nós os outos ideaes galegos que nos son comuns, e pol-os cales deron o seu sangue xeneroso.

\*  
\* \*

Irmán galego: cando te achegues ás cousas galegas que non sexa co único fin de evocar as belezas do corruncho que nos veu nacer. En casi toda a nosa produción literaria palpita sempre un anxeio de liberdade. Ademais, non esquezas que Galiza no intre presente cifra as súas esperanzas de redención en nós; non esquezas tampouco o sacrificio dos derradeiros mártires. Por iso é preciso que para conquistar esa liberdade e ser dignos dos nosos mortos, concretes unha acción práctica. ¿Cal pode ser? Sinxelamente facendo coñecer e comprender estes problemas que atañen á persoalidade histórica da Galiza, ás súas amizades galegas diarias. Que a lectura d'istas follas, donde fica exposto o pensamento do ilustre irmán Castelao, dé motivo a esa acción, é todo canto desexamos.

# ANXEL CASAL EN NÓS

---

---



*Anxel Casal, Patriota Galego, Editor desinteresado e xeneroso de libros galegos, é unha das figuras mais ilustres do galeguismo e que mais outros servizos prestou á Patria Galega. Por bó e xeneroso, por ser galego afervoado, por sentir intensamente a dôr da Patria Galega, por ser un verdadeiro apóstol da sua liberdade, e, pol-a sua grandeza moral como home e como galego, foi asesinado cobardemente pol-o hespañolismo opresor, reaccionario e criminal.*

*¡Mais, non morreu, nin morrerá endexamais na nosa lembranza...! Os galegos que andamos por total-as terras e mares do mundo, teremos decote presente o exemplo magnífico d'iste Mártir da Liberdade Galega, que consagrou toda a sua vida á redención da Nosa*

Terra, e que nin o promo asesiño puido afogar nos seus beizos un postreiro ¡Viva Galiza Ceibe!

As xeneracións vindeiras sentirán o orgulo de ver como o nome glorioso de Anxel Casal enche toda unha páxina d'ouro da Historia Patria da Galiza.

Nós, ao iniciar hoxe estas publicacións, con iste magnífico discurso pronunciado pol-o insigne Castelaio, quixéramos pôr nesta tarefa algo da fonda emoción que poñía Anxel Casal, cando armaba e facía aqueles libros coas suas mans e o seu corazón . . .

E ao dar-lle a estas publicacións o seu nome benquerido, xuntámos os nosos corazóns pra tributar â sua memoria un —unque pequeno— garimoso homenaxen, mentras non chega o grande e xusticieiro que a Galiza toda mui pronto terá de tributar-lle.

¡VIVA GALIZA CEIBE!

Mocedades Galegas de Bós Aires.

Bós Aires, Febreiro de 1941.

# DISCURSO dito por CASTELAO

NA DEMOSTRACION QUE LLE  
OFRECEU O CENTRO GALEGO, NO  
SALON "PRINCE GEORGE'S HALL"  
O DIA 18 D'AGOSTO DO 1940

AMIGOS E IRMÁNS:

Como los gallegos somos bilingües yo podía hablar en castellano teniendo la seguridad de que todos habrían de comprenderme; pero un idioma es algo más que un medio de expresión, y en este momento sólo debo hablar en gallego, porque en ningún otro idioma —por ilustre que fuese— podría comunicaros tan directamente mi emoción. Pero es preciso que pida benevolencia a los amigos que, sin ser gallegos, han venido a compartir con nosotros el pan de esta comida, y yo me sentiría doblemente satisfecho si supiese que mis palabras gallegas iban a resonar con simpatía en sus corazones. Y como espero que eso ha de ser así voy a hablaros en la lengua que aprendí en los labios de mi madre.

Eu non me atrevo a recibir este agasallo somentes pol-o que son, pol-o que fixen ou pol-o que represento; pero atrévome a recibilo en nome do que eu quixera ser,

do que quixera facer e do que quixera representar. Agasallades en min a un artista civil que sempre puxo o seu arte ao servizo das causas populares, e aínda que hoxe o vedes derrotado e no exilio, sodes capaces de estimar as súas ilusións coma se fosen unha esperanza viva. E sendo así eu dígovos que nos honramos todos, porque este gran homaxe é para as grandes figuras da nosa Terra, que neste intre están dentro de min e presentes nesta comunión patriótica, como están en vós e, relixiosamente, no pan e no viño deste xantar.

Eu ben sei que todos nós sabemos deixar as nosas diferencias ideolóxicas nas portas do Centro Galego —non somentes por imposición reglamentaria e por vontade respectable e respetada dos fundadores, que eso xa sería dabondo, senón por respecto ao que esta xúrdia institución representa para todos nós, como solar e símbolo da patria común, na que cabemos todos, e como moimento perdurable que os emigrados galegos, bós e xenerosos, ofrendan à Nación Arxentina en proba de amor e agradecimento—. Pero eu tamén sei que o Centro Galego de Bós-Aires non cancelou a súa adhesión patriótica ao movemento reivindicador dos dereitos de Galiza, cando nos decidíamos a reclamar un Estatuto autonómico, e, pol-o tanto, eu considérome autorizado a falarvos como galeguista; pero —enténdase ben— como galeguista de todol-os sectores e partidos ou, se queredes mellor, como un galeguista de ningún sector e de ningún partido.

Dende fai bastante tempo estamos asistindo a un

parto doorouso e sanguineo de novas concepcións, e calisquera que sexa o fin do drama do mundo, o pasado non pode roubarnos a acción e o pensamento, que necesitaremos para crear o futuro. E os galegos tamén temos dereito a loitar pol-o porvir da nosa Terra e por ende o deber de sacrificarnos por ela. Isto non é política; isto é patriotismo.

Declárovos que eu renego da nosa Hestoria, porque o pasado non-os deixou máis que desilusións de vida, sen saber tansiquera cá foi o seu mellor propósito, e condúxonos fatalmente á degradación colectiva. Por eso se agora esculcamos o pasado non é para que acatemos os seus desinios, senón, ao contrario, para convencernos de cómo se desviou o destino da nosa Patria e o xenio do noso Pobo, e para non incurrir nos lamentables erros que cometeron os nosos abós.

¡Qué importa que os proxenitores da nosa caste chegaran a Irlanda e formaran alí un acorro inespñable das esencia celtas! Decorridos moitos séculos Galiza soportou en silencio a política dos Austrias, que cortou as relacións comerciaes que nós sostínamos co Norte, tronizando deste xeito os derradeiros vencellos da irmandade racial que aínda fai dous séculos conservaban os Fisterres atlánticos.

¡Qué importa que unha grea de celtas galegos prefise morrer no Monte Medulio a deixarse domeñar pol-o poderío de Roma! Roma imperou en Galiza de tal maneira que hoxe nin tansiquera sabemos a lingua que falaba Galiza antes da invasión román, e o latín —este mesmo

latín corrompido en que eu vos estou falando— custoulle a Galiza tanto ouro que, para contalo, non abondarían todas as frores das nosas toxeias, que son o recordo triste e irónico que nos quedou do tesouro perdido.

¡Qué importa que o heresiarca Prisciliano fose decapitado en Tréveris e que o seu sangue xeneroso fose o xerme da reforma católica e do libre pensamento! Certo que Galiza abrazou o cristianismo de Prisciliano durante máis de cen anos e que aínda hoxe o levamos no fondo da alma; pero a conciencia mística de Galiza deixouse vencer pola intransixencia ibera, e hoxe nin tansiquera sabemos onde repousan os osos, antes venerados, do mártir de Tréveris, e ninguén se atreveu a reivindicar a súa memoria, a memoria dun esgrevio galego, sacrificado no balbordo das loitas teolóxicas e políticas dos primeiros séculos.

¡Qué importa que désemos un Emperador a Roma e un Papa á Cristiandade ou que Paulo Orosio—discípulo predilecto de San Agostiño— escribise o primeiro tratado de Historia Universal! "Augas pasadas non moven muiño", según di o sabio refraneiro galego, e os ilustres emigrantes de Galiza naquel tempo xa negaban a súa nación, para non seren chatados de priscilianistas, creándose por esta precaución egoísta o noso primeiro e inxustificado complexo de inferioridade.

¡Qué importa que os Suevos apousentados en Galiza ensaiaran alí a primeira forma de Estado e constituíran despois a primeira monarquía católica de Hespaña! Dos

Suevos provén aquel feudalismo egoísta, incapaz de sentir un ideal de Patria, que andando o tempo dexenerou en caciquismo traidor, que asoballaba os anceios cibdadáns de Galiza, para sérvir, en contubernios inconfesables, a poderes alleos ao noso país.

¡Qué importa que a invención do corpo do Apóstolo Sant-Iago fose unha manioobra estratéxica de Carlomagno para enquistar a invasión árabe e que a nosa comunicación con Europa salvase a Hespaña de ser un país african! As angurias vitales de Galiza, cando era o cume da cabeza de Europa e no intre da súa gloriosa eclosión cultural, foron a morrer, como leucocitos, no enconado flemón que padecía Hespaña, escoándose nas augas podres do Mediterráneo, e os desplazamentos que produxo a Reconquista —victoria imposible sen o noso esforzo— deixou Galiza a trasmán, no máis recuado curruncho da península, como a Galiza portuguesa, é decir, o auténtico Portugal, ficou alonxado da estrana Lisboa, auténtica capital da Estremadura.

¡Qué importa que nos camiños que se abriron para ir a Compostela fforecese a grande arte meieval do Ocidente; que nós creásemos a insuperable poesía lírica dos Cancioneiros e que no noso idioma escribira o único Rei Sabio “que no sólio da Hespaña tivo asento”; ou que o Pórtico da Gloria sexa o cume da escultura románica! O certo é que por gañar para Compostela a primacía eclesiástica da Hespaña, o Arzobispo Xelmirez —que encheu co seu nome un século enteiro— consinteu a desin-

tegración do territorio galego ao crearse o Reino Lusitano, torcendo as veredas do noso destino e desbaratando a potencialidade do noso xenio creador para xunguarnos a unha empresa allea, na que perdemos todo, inclusive a primacía eclesiástica.

¡Qué importa que Inés de Castro reinase en Portugal dispois de morta; qué Teresa de Castro fose raíña de Castela nunha soia noite morna de vrán; qué Fernando de Castro merecera no desterro este epitafio: "Aquí yace toda la lealtad de España"! Na desventura dos tres irmáns galegos sería doado desentranar os símbolos da nosa propia desventura colectiva. Abonde decir que a indecisión amorosa de Galiza, antre Castela e Portugal, privounos de navegar "por mares endexamáis navegados" para cumprir a misión do Alen, creado nas lonxanías que descubrira o noso Fisterre e que Portugal, "retallo saído da Galiza", tivo que cumprir no noso nome, cando nós xa non existíamos como nación. Si; trunfamos en Portugal dispois de mortos, pol-a língoa, o arte e o esprito; favorecemos a hexemonía de Castela e fomos aldraxados por ela, cando xa non precisaba do noso esforzo; e a campa de Galiza mereceu un epitafio de can...

¡Qué importan as loitas que os señores feudales de Galiza sostiveron contra os chamados Reis Católicos, amparando os dereitos da escelente Señora Doña Xohana! Aqueles señores non defendían máis que os seus foros, e despois ausentáronse dos lares nativos, para trocárense en ardidos cortesáns, enxertando os seus nomes nos troncos

da aristocracia hespañola, namentras o pobo galego sofria pauliñas, miserias, aldraxes i escravitude, para pagar unha rebeldía, que soio fora rebeldía dos señores ausentes; uns aristócratas de orixe galego que endexamáis tronzaron a corrente de inxurias que caía sobor de Galiza e que a Hespaña imperial transportaba ás Américas.

¡Qué importa que no século da eclosión barroca déramos eruditos e pensadores coma o P. Feixóo —a lumieira precursora do liberalismo—; que no século XIX déramos mulleres como Concepción Arenal é Rosalía de Castro, e homes como Curros, Brañas e Pondal! Cando Galiza se desperguizaba dun sono de catro séculos e cando rexurdía o noso xenio creador, perdemos o derradeiro vestixio das nosas liberdades —enorme paradoxa dun liberalismo que afogou a liberdade—, esnaquizábase a Galiza en catro provincias absurdas, rexidas por outros tantos Poncios, e pasábamos dun mal a outro mal: da camisa suxa dunha Isabel â camisa perfumada doutra Isabel. Así creouse en Galiza unha política alleeira, que perdía o acento popular e vendía a ialma nos Madriles.

¡Qué importa que a nosa caste xenerosa dera un Pablo Iglesias, o gran orgaizador do obreirismo hespañol! Os obreiros —como é natural— pedían patacas baratas, carne barata, peixe barato, sen ofrecer compensación algunha aos labregos e mariñáns, e así os auténticos traballadores da Galiza —labregos e mariñeiros— quedaban ao marxe das reivindicacións proletarias, ou incorporados â loita de crases por un absurdo mimetismo, antmentras que os

problemas creados pol-a peculiar morfoloxia social i económica de Galiza quedaban sen solución posible dentro das normas legales ou revolucionarias.

¡Qué importa, en fin, que como proba da nosa universalidade deixáramos no ceo un ronsel de estrelas para indicar a nosa pasada comunicación co mundo antigo e que no fondo do Océano formáramos un camiño de esqueletes galegos, como testemoio oculto e dramático da nosa comunicación co mundo novo! Cun pasado tan glorioso Galiza viveu sempre asoballada e os seus fillos máis fortes de corpo e de espírito tiñan de sairen pol-os camiños do mundo, a cata de pan, de liberdade e de xusticia.

Pero hai algo que está por riba da Hestoria e que é superior ao pasado: a verdadeira e auténtica Tradición de Galiza. Non aquela Tradición dos chamados tradicionalistas, que se afinca nos tópicos da Hestoria e que pretende resucitar tempos abolidos, senón aquela enerxía étnica, que vive nos limos da conciencia nacional de Galiza e loita para rexurdir e frorecer. Porque a Tradición non consiste nunha serie de feitos hestóricos superpostos, nin reside somentes no pasado, pois ten asegutada a súa continuidade no tempo. A Tradición é a ialma eterna de Galiza, que vive no cerne dos nosos instintos e na entrana granítica do noso chan. A Tradición é a Eternidade.

A Tradición é o idioma, a arte, o espírito, a cultura, o xeito de vivir e o sentido trascendente da vida e da morte, o afán de universalidade e de encetar camiños

inéditos, o amor á xusticia e ás boas formas de convivencia, a identificación coa Terra que nos fixo e que nos criou. A Tradición é todo aquilo que endexamáis nos traicionou e que sempre foi traicionado.

Acabo de eisaltar a Tradición dispois de compoñer un lixeirísimo esquema da nosa Hestoria, tal como a interpretaban os homes da miña xeneración e os mozos que viñan detrás de nós, empurrándonos. Declaro que soio esculcábamos o pasado político da nosa Terra para renegar del, pois xa non se podían reitificar os tremendos erros que cometeran os nosos abós. Sabíamos auscultar, eso sí, con agarimo, os anxeios vivos do noso pobo e os problemas peculiares da nosa economía, para buscarlle solución xusta dentro das normas progresivas do tempo en que vivíamos. Eramos homes de realidades e sabíamos que non se esvaería o pesadelo da miseria moral e material en que se viña debatendo Galiza dende o século XV se non engadíamos á vella Tradición, traicionada pol-a Hestoria, unha nova Tradición. En fin; nós afincábamos a nosa esperanza de vida mellor nos legados múltiples da Tradición e aproveitábamos a esperencia desventurada dos feitos pasados. Por eso éramos homes de fé e por eso eu aínda son capaz de conservar o mesmo optimismo que tiñan os homes da miña xeneración e os rapaces que nos empurraban.

Eu aínda vexo a Galiza como unha Terra xa ceibe de vezos rutinarios, de pleitos cativos e de cobizas ruins.

Vexo a todol-os homes no traballo e ás mulleres no

fogar, quantando i embelecendo a vida da familia. Vexo nenos loiros e bonitos, a comeren pantrigo con mel e manteiga. Vexo mozos intelixentes e sabidos enrequantando antergas costumes. Vexo mozas garridas levando cestas de liño ás fábricas de fiar, como denantes levaban o grao ao muiño, e véxoas dispois a teceren lenzos insuperables.

Vexo casas limpas e hixiénicas, de feitura paisán e dacordo coas comenencias da vida labrega e mariñeira.

Vexo os montes repoboados e cobertos de piñeiros. Vexo grandes fábricas de pasta de papel e de productos derivados do leite.

Vexo Centros de investigación e de esperimentación agro-pecuaria. Vexo piscifactorias, laboratorios costeiros i escolas de pesca.

Vexo a Universidade de Sant-Iago convertida en cerebro de Galiza, irradiando cultura e saber máis alá dos lindeiros naturaes da nosa Terra. Vexo Escolas ruraes de formación campesiña, para soerguer a comunidade aldeán.

Vexo a explotación mecánica das nosas canteiras de granito. Vexo a nosa artesanía renascida e superada.

Vexo Sindicatos produtores de semente, rexidos por xenetistas instruidos i esperimentados. Vexo pazos para albergar as Cooperativas, mellores ainda que en Dinamarca.

Vexo enormes criadeiros de mariscos. Vexo o trafego dun gran porto pesqueiro —o máis importante de Europa—. Vexo cangar barcos con peras urracas e mazás tabardillas.

Vexo, en fin, unha Terra farturenta, onde todos traballan e viven en paz. Vexo a miña Terra como unha soia cibdade, a cibdade-xardin máis fermosa do mundo, a cibdade ideal para os homes que queiran vivir a carón da Natureza.

Así soñábamnos nos días de trunfo, en vísperas do gran acontecemento, cando presentamos ás Cortes da República hespañola o Estatuto proposto pol-os Concellos e votado pol-os eleitores de Galiza. Así soño eu pol-os que mandan en min dende os reinos da morte. E para que vexades cómo eran as nosas preocupacións vou lervos un proxecto de afiches que eu compuxera para a campaña que se aveciñaba con motivo da promulgación da nosa Carta autonómica.

### O albre:

O albre é o símbolo do señorío espiritual de Galiza.

O albre é un engado dos ollos pol-a súa fermosura; é unha ledicia dos ouvidos, porque nél cantan os paxaros; é un arrolador do espírito, porque nas súas ponlas conta contos o vento.

O albre danos a froita, que é un manxar composto pol-o mesmo Creador para regalía do noso paladar: o derradeiro ben que nos quedou do Paraíso perdido.

O albre pídelle auga ao ceo para que a terra teña sangue, vida e bonitura.

O albre danos a sombra fresca no vrán e a quentura garimosa no inverno.

O albre danos as traves, o sobrado e as portas da casa. Danos a cama, o almario, a artesa do pan. Danos o berce, o báculo da vellez e a caixa para ir ao Alen.

O albre danos o papel barato que nos trai a decotio as novas do que pasa no mundo.

Val máis unha Terra con albres nos montes que un Estado con ouro nos Bancos.

A calvicie dos montes galegos é unha terrible acusación contra o Estado unitario.

Os albres son as minas galegas que nós saberemos explotar cando a nosa Terra sexa nosa.

A repoboación forestal será o patrimonio da nación galega e o mellor aforro da coleitividade.

Na nosa Terra danse os mellores albres.

O día que seipamos o que val un albre, aquel día non teremos necesidade de emigrar.

#### A vaca:

A vaca é o símbolo da paz.

Val máis o que significa unha vaca que o que simboliza un león rampante. Xa o dixo un dos nosos economistas: "O albre xenealóxico dunha vaca de leite é máis útil que o albre xenealóxico dun aristócrata".

A vaca esqueceuse dos cornos e danos o seu traballo, o seu leite, a súa carne, o seu coiro e a carne e o coiro dos seus fillos. Non-os pode dar máis.

O can será o amparo dos ricos, que defende a propiedade do amo e ladra aos probes que van pol-os camiños.

En troques a vaca é o amparo dos probes libres.

Os concursos de vacas leiteiras valen máis que os "concursos de beleza".

A nosa vaca ten o pesebre en Galiza e os tetos en Madrid. E o que non lle dá de comer a unha vaca non ten dereito a muxila.

As "señoritas" que choran pol-a morte dun can ridículo non comprenden a door dunha familia labrega cando se lle morre unha vaca.

Se non fose pol-o leite das vacas a piolleira das cidades morreríase desnutrida. A vaca é a ama de cría da humanidade.

O día que nós emitamos papel-moeda non estamparemos nél o retrato dos políticos, nin dos sabios, nin dos artistas; estamparíamos somentes a figura dunha vaca, como símbolo da nosa economía humanamente distribuída.

O día que Galiza sexa unha comunidade cooperativa ergueremos un gran moimento cunha vaca en bronce dourado.

Tamén hai razas de vacas, e a mellor é a nosa.

O día que seipamos o que val unha vaca, Galiza quedará redimida.

O peixe:

O peixe foi o emblema do Cristo.

O peixe é a prata do mar feita carne.

Cada peixe ten a sustancia do seu mar. O peixe do

Mediterráneo sabe a carne civilizada. O peixe do Atlántico —un mar terriblemente salvaxe— sabe a sal de vida.

O peixe galego trai nas frebas da carne as mellores esencias do Océano.

¡Cánto custa criar un kilo de carne de vaca! En troques a carne de peixe críase sen coidados nen gastos.

A pesca era un traballo noble e xeneroso. Por algo Xesús de Nazaret escolleu, como apóstolos, a doce mariñeiros. Mais agora péscase con dinamita...

Cando naufragaba unha lancha morría o "patrón" xunto cos "compañeiros". Agora o "patrón" chámase "armador" e nunca morre afogado porque xa non vai ao mar.

A pesca en Galiza ennoblecerase de novo cando retorne ás maneiras coletivistas da nosa tradición mariñeira, fundamentalmente afincada no cristianismo. ¡O que queira "quiñóns" que xogue a vida no mar!

O Fisterre galego —a punta máis avanzada de Europa— fíxose para pescar.

A xente da meseta soio coñece as momias de sardiña en ataúdes de folladelata ou en tambores de madeira. O día que teñamos un gran porto pesqueiro e vías de transporte lixeiro e barato, toda Hespaña comerá peixe fresco.

A Hespaña que morre de carne de porco revivirá pol-a carne de peixe galego.

O día que Galiza sexa nosa, os mariñeiros vivirán na fartura.

\*

\* \*

Estes afiches poñen de bulto as nosas preocupacións, tinguidas cicais de lirismos, pero afincadas en realidades vivas. Así era a nosa política. E por creer que Galiza necesitaba un Estatuto autonómico, para resolver os seus problemas e desenrolar a súa cultura e a súa economía, nós fomos o que debíamos ser, fixemos o que debíamos facer e demos todo canto podíamos dar. Reclamábase un anaco da soberanía que nos foi arrebatada, dentro do Estado hespañol. Queríamos unha Galiza liberal e democrática, para todos, absolutamente para todol-os galegos. ¿A quén causábase mal?

Eu agora estou na Arxentina. —Patria xenerosa e benquerida— coa soia tristura que me causa o estigma de “desterrado político”, porque eu non son un político ao uso, aínda que andivera pol-as tripas da política, en misión de cidadanía.

Eu son un galego leal, un patriota, que ama a súa Terra, que quer vivir para ela e que morrerá co seu nome nos beizos. Eu soio loitei pol-o benestar e a dinidade do meu pobo e agora soio quixera ver compridos os anceios dos mortos. E para que non haxa dúvidas de quenes son os nosos mortos, eu quixera contalos a todos; pero son incontables e innumerables, aínda que pode concretarse a súa memoria en figuras que todos nós levamos no corazón: Antolín Faraldo, Rosalía de Castro, Curros Enríquez, Alfredo Brañas, Alexandro Bóveda...

Nada máis.

Rematouse de imprimir o dia  
31 do Marzal do 1941, na  
Imprensa "SUEVIA",  
Cevallos 1027,  
Bôs Aires.

PRINTED IN ARGENTINE

# EDICIONS ANXEL CASAL

publicará próisimamente no seu segundo número:

## DIVAGACIOS ENXEBRISTAS

por XOHAN V. VIQUEIRA



### GALEGO!!:

Si é verdade que amas sinceramente a tua  
Terra, axuda a traballar pol-a sua redención:

SUSCRÍBETE AS

## EDICIONS ANXEL CASAL

— DAS —

MOCEDADES GALEGAS

AVENIDA DE MAYO 1357

**Cuota mensual \$ 0.50**

Si vostede quere mais exemplares d'iste DISCURSO DE CASTELAO, escribanos e mandarémolos a volta de correo. Mándenos as direccións dos seus amigos, e tamén o recibirán. Escribir: MOCEDADES GALEGAS, Avenida de Mayo 1357.

